



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE  
DATA 20 de novembro de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ

Lista de no Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

**SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

**INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 20 de novembro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 13/11/2017, que se aprobou por unanimidade.

**Propuestas**

**ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

**PRP2017/5245**

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático para ampliar a contratación dun servizo de reparación in situ das incidencias na wifi de edificios municipais para o ano 2017, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a ampliación de 10 intervencións á empresa **Servicios Técnicos Integrados do Noroeste S.L.** dun servizo de desprazamento e reparación in situ das wifis dos edificios municipais, por importe de 450€ (IVE engadido) con cargo á partida orzamentaria 9201.22706.

**PRP2017/5249**

Visto o informe da Policía Local en relación cos danos ocasionados (manchas de grande dimensión) por unha maquina elevadora que estivo estacionada no cruce das Rúas Covadonga, Praza Galicia e Castelao pola vertedura dun líquido tipo aceite ou valvulina, a Xunta de Goberno Local acorda requirir á empresa Grupo Desarrollo Works S.L. para que proceda á limpeza do espazo público no prazo de 10 días, en caso contrario iniciárase o correspondente expediente sancionador.

**PRP2017/5250**

Visto o informe da Policía Local en relación ao escrito presentado por **D. Jose Cao García** e/n **Asociación Jubilados y Pensionistas** solicitando a titularidade dos vaos permanentes da Avda. Mariña 23, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que nos



arquivos municipais figura como titular do aparcamento ao aire libre así como do garaxe particular (entrada por r/ Elpidio Villaverde) a Tesorería General de la Seguridad Social.

#### **PRP2017/5252**

Dáse conta do escrito da Federación de Empresarios, Salas de Festa, Baile e Discotecas no que solicitan que se proceda a aprobar un Plan de seguridade Municipal Navideño para detectar y non permitir a celebración de actividades de carácter festivo que non dispoñan das correspondentes autorizacións ou que carezan dos requisitos técnicos, sanitarios e de seguridade esixidos polo Concello para optar a ditas autorizacións, ou que se realicen en establecementos sen licenza de apertura.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2017/5256**

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Ozona Consulting, S.L.** para a compra dun segundo Firewall Fortinet-Fortigate 140D (dispositivo de seguridade perimetral e xestor de comunicacións de datos), por un importe total de 5.378,06 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.64100, coa finalidade de que ante un fallo do dispositivo, traballen de maneira sincrona en alta dispoñibilidade (activo-pasivo)

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2017/5257**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Gráficas Anduriña, SCG** para o subministro de:

- 1.000 carpetas para o Arquivo, por importe de 479,16 €, con cargo á partida 920.22000.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2017/5259**

Dáse conta do escrito de **Don David de María Castellanos**, solicitando a utilización das instalacións de Fexdega para a realización do evento denominado “Sólo Clásicos” do 27 de febreiro ao 7 de marzo de 2018, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o solicitando debendo axustarse ás seguintes condicións:

##### **Ata dez días despois da comunicación da concesión da solicitude**

- Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva.
- Ingreso do importe do prezo establecido para o desenvolvemento do evento na conta da Fundación Fexdega (IBAN ES95-2080-5067-1931-1003-3948), por valor de 1.500€.

##### **Antes do inicio da montaxe**

- Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e debidamente rexistrado, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse a



modificación/supresión deberá estar contemplada explicitamente no plan de autoprotección do evento.

- Presentación da cualificación pertinente das persoas que distribúan alimentos ou bebidas precintados en orixe. De ter que manipular alimentos/bebidas no recinto, deberá certificarse, ademais, o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración se realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.
- Deberá presentarse a documentación que acredite a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade. Os traballadores poráselles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación.
- Presentación dunha póliza de seguro por unha cantidade mínima de 300.000 €, que cubra a responsabilidade civil do promotor polo feitos que puideran acontecer nas instalacións a disposición do evento.
- Presentación de certificación de continuar de alta no IAE e na Seguridade Social

#### **Antes da inauguración do evento**

- As estruturas de montaxe estarán certificadas por técnico competente, e visadas polo colexio profesional correspondente, que garante a súa solidez estrutural, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Si dentro da montaxe das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

#### **Consideracións xerais**

- O promotor do evento responsabilizarase da limpeza do espazo que ocupe/use e, unha vez rematado o evento, deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo
- Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas
- Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.
- A publicidade do evento, ou calquera outra cartelería ou similar deberá instalarse nos lugares habilitados para a mesma, de xeito firme e seguro, mantendo un nivel estético axeitado. Antes da súa instalación deberá ser valorada polo persoal de servizo do recinto. No caso de necesitarse autorización administrativa para a instalación da publicidade, correrá por conta do promotor a xestión da mesma.
- Se o evento non chegase a desenvolverse, por mor de situacións alleas a Fexdega, non procederá a devolución de cantidade algunha.

## **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **Educación**

#### **PRP2017/5120**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Carlos Galbán Zaragoza**, para o subministro de diverso material didáctico e instrumental básico e desechable para o Conservatorio de Música, por un importe total de 1.684,94€ (IVE engadido), con cargo á partida 3261.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



#### **PRP2017/5265**

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Gráficas Salnés** para o subministro de 500 gorras para repartir entre os nenos e nenas asistentes ás actividades de animación á lectura, por importe total de 907,50€ (IVE incluído), con cargo á partida 3321.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2017/5268**

Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música de aprobación do primeiro orzamento correspondente a organización do Festival Internacional de Música Clásica (clasclas), cun importe total de 956€.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto citado de 956€, así como:

- Aprobar unha provisión de fondos a xustificar, polo importe de 230€, a favor de Dona Luz María Abalo Pérez, para o aloxamento web da paxina do festival [www.clasclas.com](http://www.clasclas.com)
- Autorizar o gasto por importe de 726,00€ para a realización do vídeo promocional do “Festival clasclas” a Rafael Sabugueiro Sánchez.

#### **PRP2017/5266**

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Castroman I S.L.** para o subministro de unha escaleira para poder situar os fondos bibliográficos nas estanterías altas do depósito da biblioteca, por importe total de 60,40€ (IVE incluído), con cargo á partida 3321.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **Xuventude**

#### **PRP2017/5273**

Vista a proposta da Concellería de Cultura E Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización da 19 edición da Festa da Toma das Uvas, o vindeiro día 31 de decembro, por un importe total de 9.251,50€, coa seguinte desagregación:

- Mendez Santos, S.L., por importe de 7.623,00 € (IVE engadido), en concepto de actividades de animación, debendo aportar seguros de accidente e responsabilidade civil.
- Discotrade Spain S.L., por importe de 665,50€ (IVE engadido) en concepto de adquisición de 10 banderolas publicitarias.
- Pirotécnica Penide, S.L., por importe de 363,00€ (IVE engadido) en concepto de adquisición de cañones de confetti.
- 600€ (orzamento estimativo) en concepto de adquisición dun seguro de cancelación por razóns meteorolóxicas.

O citado gasto realízase con cargo ás seguintes partidas:

- 8.651,50 € con cargo á partida 334.22609
- 600,00€ con cargo á partida 2314.224.

Acórdase así mesmo aprobar a provisión de fondos a favor de Dona Luz M<sup>a</sup> Abalo Pérez, polo importe de 600€, para aboamento do seguro de cancelación.



#### **PRP2017/5282**

Vista a proposta do Alcalde-Presidente para a realización dun foro de debate sobre Violencia Machista, coincidindo co 25N, Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a actividade proposta por La Voz de Galicia, denominada "Foro Voz Vilagarcía para erradicar a violencia machista" o día 22 de novembro de 2017 no Salón García, La Voz publicará informacións, reportaxes e entrevistas no xornal, o importe deste Foro ascende a 3.025,00€ (IVE engadido) con cargo á partida orzamentaria 926.22641.

#### **ASUNTOS DE CONTRATACIÓN**

##### **PRP2017/5275**

Dáse conta da resolución presidencial da Deputación de Pontevedra da concesión de subvención para a "Demolición de Estrutura de Formigón na Rúa Almirante Fontán de Vilaxoán" por importe de 37.583,76€. Proxecto (2) N° 01/67/2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

##### **PRP2017/5280**

Por Providencia da Alcaldía do 19 de outubro de 2017 incoouse expediente de contratación para o subministro (mediante aluguer) de elementos luminosos ornamentais e cadros eléctricos, a montaxe, mantemento e desmontaxe dos mesmos para as festas de Nadal 2017/2018 e festas de Santa Rita e San Roque 2018, así como a distribución en baixa tensión e conxionado e desconxionado das orquestras das festas de Santa Rita e San Roque 2018, e que o mesmo se tramite por procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente e documentalmente simplificada, a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia.

Por Resolución da Alcaldía do 26 de outubro de 2017, aprobáronse os pregos que rexen a licitación, autorizouse o gasto, e dispúxose a apertura do procedemento de licitación, mediante invitación as empresas: Ramón Cernadas Ramos, Iluminaciones Santiaguesas, S.L. e IEC Reboredo, S.L.; presentándose a seguinte oferta:

<b>Licitador</b>	<b>Oferta (sen IVE)</b>	<b>21% IVE</b>	<b>Oferta (IVE engadido)</b>
Iluminaciones Santiaguesas, S.L.	49.286,00€	10.350,06€	59.636,06€

#### **Melloras**

- Prestación do servizo de distribución en baixa tensión e conxionado e desconxionado das atraccións, postos, barracas de feira e caravanas de feirantes das festas de Santa Rita e San Roque 2018, de acordo cos requisitos técnicos indicados no prego de prescricións técnicas.
- Subministro e instalación de elementos luminosos ornamentais nas casas de cultura do concello de Vilagarcía de Arousa durante as festas de Nadal 2017/2018.
- Subministro e instalación de elementos luminosos ornamentais nas fachadas da praza de abastos de Vilagarcía de Arousa e Vilaxoán durante as festas de Nadal 2017/2018.
- Subministro e instalación de elementos luminosos ornamentais nas rotondas de Avda. de Cambados, Fontecarmoa, O Salgueiral e Hospital nas festas de Nadal 2017/2018.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar o contrato denominado subministro (mediante aluguer) de elementos luminosos ornamentais e cadros eléctricos, a montaxe, mantemento e desmontaxe dos mesmos para as festas de Nadal 2017/2018 e festas de Santa Rita e San Roque 2018, así como a distribución en baixa tensión e conxionado e desconxionado das orquestras das festas de Santa Rita e



San Roque 2018, á Iluminaciones Santiaguesas, S.L. (B15279359), por importe de 49.286,00€, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 10.350,06€, o que totaliza un prezo de adxudicación (IVE engadido) de 59.636,06€, de acordo coa súa oferta e as melloras contempladas nela, con cargo á partida orzamentaria 339.22199, a anualidade de 2017 ascende a 20.199,31€ e a anualidade correspondente ao ano 2018 é de 39.436,75€, con arranxo o seguinte desglose:

Festividade	Prezo adxudicación IVE engadido	Anualidade
Nadal 2017 (do 8 ao 22 de decembro de 2017)	20.199,31€	2017
Aninovo e Reis (do 23 de decembro de 2017 ao 7 de xaneiro de 2018)	21.545,94€	2018
Santa Rita 2018	5.111,24€	2018
San Roque 2018	12.779,58€	2018
TOTAL	59.636,06€	

#### **PRP2017/5283**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a Memoria valorada denominada “Mellora Urbanización en Avda. Dr. Tourón no entorno do Río do Con”, redactada polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Óscar Álvarez González, cun importe (IVE excluído) de 39.299,19€ ao que lle corresponde un IVE (21%) de 8.252,83€, o que totaliza un importe de licitación de 47.552,02€ (IVE engadido) con cargo á partida 453-61900, co seguinte desglose por proxectos: Prox. (2) N° 05/07/2014: 25.775,08€, Prox. (2) N° 02/01/2016: 21.776,94€.

### **ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

#### **PRP2017/5286**

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de **Fundación Fexdega**, polo importe de 35.164,33€, correspondente a cantidade xustificada pola citada Fundación en concepto de achega municipal anual aos gastos de conservación e mantemento das instalacións da Fundación Fexdega, pola utilización que o Concello ven facendo das mesmas, con cargo á partida orzamentaria 4311.452. (1º semestre 2017)

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.